

O capital cultural herdado

Plácido Castro foi un intelectual moi atento aos acontecementos socio-políticos e culturais do seu tempo que identificou en Irlanda unha serie de trazos antropolóxicos e históricos de gran relevancia para Galicia, ata o punto de promover unha política exterior intelectual orientada cara as terras que el denominaba “célticas”: “A orientación cara as terras célticas do Norte ten que ser unha parte esencial, a máis importante, do que puideramos chamar a nosa política exterior intelectual” (cit. en Ríos 2013: 12). O impacto cultural do celtismo, impulsado desde a segunda metade do século XIX por Manuel Murguía e os intelectuais da Cova Céltica e do que beberon en distinto grao tanto os intelectuais das Irmandades de Fala como a Xeración Nós, constitúe hoxe un valioso capital cultural e fornece un copioso imaxinario de afinidades e vínculos varios entre Galicia e Irlanda que non debemos desaproveitar, entre outras razóns porque calou fondo na cultura popular, no xeito no que nos vemos a nós mesmos e nos ven os outros pobos ibéricos, teña ou non este imaxinario unha contrastada base histórica ou científica, porque tamén os mitos teñen os seus efectos prácticos na vida cotiá, comercial, cultural e política dun país.

Se aprendemos de Plácido Castro a súa viva curiosidade pola sociedade irlandesa e analizamos a posible relevancia que hoxe en día poida ter Irlanda para a nosa sociedade e cultura galegas, prestaremos atención aos radicais cambios históricos, políticos, sociais e culturais que tiveron lugar en Irlanda e Galicia desde a década dos setenta do século XX: desenvolvemento da cultura democrática, progresiva apertura a Europa, incorporación importante da muller ao eido laboral, educativo e cultural, paulatina laicidade tanto da poboación como das institucións, sensible mellora da situación económica que permitiu o retorno de moitas persoas emigradas –aínda que as crises económicas puntuais provocaron de novo fortes fluxos migratorios ao exterior

tanto de Galicia como de Irlanda–, a xestión do conflito lingüístico e a perda de falantes da lingua vernácula, o impacto dos estudos poscoloniais para a análise da identidade nacional, así como os desafíos do presente para afrontar o fenómeno da globalización ou o deterioro medioambiental e para conseguir máis xustiza social, a erradicación da pobreza e unha igualdade de xénero real.

Son estas circunstancias políticas, sociais e culturais que viven hoxe Galicia e Irlanda as que nos levan a reconsiderar os nosos vínculos pasados e a forxar novas relacións desde os ámbitos nos que traballamos e desenvolvemos. É por esta razón que falarei aquí de cultura e literatura, así como de colaboracións e reciprocidade entre as literaturas irlandesa e galega hoxe en día; colaboracións que, cabería agardar, achegarán o seu grao de area ao capital cultural acumulado por xeracións anteriores e servirán de base para futuras canles de cooperación. A historiografía das relacións entre Galicia e Irlanda volve, inevitablemente, unha e outra vez ao mito e á creación literaria –o celtismo, o *Lebor Gabála Érenn*, as traducións da obra de Yeats, Synge e Joyce cara ao galego, etc.– razón pola que, desde o ámbito filolóxico, debemos fornecer análises literarias sólidas e promover vínculos culturais que enriquezan a trama de relacións entre as dúas comunidades.

Falarei a continuación de filoloxía, universidade, docencia, investigación e tradución; darei conta do traballo realizado desde a miña especialidade en filoloxía inglesa para indagar tanto na produción cultural irlandesa pasada e presente como nos estudos comparativos das literaturas galega e irlandesa; informarei, así mesmo, da formación que reciben os novos investigadores e investigadoras e os seus resultados xa accesibles nas bases de datos e repositorios institucionais. A relación cultural entre Galicia e Irlanda será a que nós construíamos tanto desde a creación artística e a investigación como desde o apoio institucional que reciban ambas as dúas. Precisamos, logo, sumar esforzos desde o ámbito da creación, do ensino nos seus diversos niveis e, especialmente, desde a vontade política de internacionalización da nosa cultura en sociedades especialmente receptivas como a irlandesa.

Universidade e dinamización das relacións culturais entre Galicia e Irlanda

Aínda que non é o único, o ámbito universitario é un dos axentes máis activos hoxe en día na promoción e dinamización dos vínculos culturais entre Galicia e Irlanda. As tres

universidades galegas contan con especialistas en historia, filoloxía, tradución e etnografía que desenvolven os seus estudos sobre os vínculos destas dúas comunidades. O Instituto Universitario de Estudos Irlandeses “Amergin” da Universidade da Coruña, é a cabeza máis visible deste traballo investigador pola súa dilatada e prolífica traxectoria; súmanse a el as liñas de investigación promovidas nas Universidades de Santiago e Vigo, tanto desde a filoloxía como a tradución. Os estudos pioneiros de Antonio Raúl de Toro Santos sobre a recepción da literatura anglo-irlandesa en España, a tradución de Joyce e Yeats cara ao galego, a viaxe de Plácido Castro á illas Blasket e as súas traducións de poesía inglesa, as relacións intertextuais entre a literatura galega e a irlandesa e outras moitas publicacións formaron a base dunha achega comparatista ás dúas culturas que retomarían os restantes membros do Instituto Amergin: o seu actual Director David Clark, Miguel Alonso Giráldez, Eduardo Barros Grela, Pablo Cancelo López e José Manuel Estévez Saá. Os seus proxectos de investigación sobre as relacións musicais entre Galicia e Irlanda, a industria cultural do patrimonio das dúas comunidades e a produción cultural desde a periferia das nacións célticas abriron fértiles liñas de estudo para o futuro persoal investigador.

Na Universidade de Vigo, a profesora Teresa Caneda Cabrera comezou a súa traxectoria investigadora especializándose na estética modernista de James Joyce e achegou análises da recepción de Joyce en Galicia a través da tradución. Outros estudos máis recentes da profesora Caneda inclúen análises e dirección de teses sobre a literatura irlandesa. Pola súa parte, e desde o ámbito dos estudos de tradución da Universidade de Vigo, o profesor Alberto Álvarez Lugrís ten analizado a paratradución da identidade celta no discurso público das institucións galegas.

James Joyce foi tamén obxecto dunha tese de doutoramento na Universidade de Santiago, a da actual profesora Margarita Estévez Saá, quen conta con abundantes publicacións tanto sobre a recepción de James Joyce en España como sobre a literatura do Tigre Celta –denominación do boom económico de Irlanda desde mediados dos noventa ata a crise financeira de 2007– así como sobre as narradoras irlandesas actuais: Alice Taylor, Anne Enright, Anne Haverty, Éilís Ní Dhuíbhne, Deirdre Madden, etc. Outros dous profesores da Universidade de Santiago foron dunha grande influencia na investigación sobre Irlanda e as relacións culturais con Galicia: o actual profesor *ad honorem* Fernando Alonso Romero e a profesora Anne MacCarthy, lamentablemente falecida nun momento moi produtivo da súa carreira académica. O primeiro

especializouse no folclore común a Irlanda e Galicia no contexto dos costumes e tradicións atlánticas, dirixindo numerosos traballos e proxectos de investigación sobre esta cuestión; pola súa parte, a profesora MacCarthy, quen se especializou na obra de James Joyce e outros autores coetáneos, así como no seu impacto na literatura galega, estudou igualmente outros aspectos identitarios comúns ás dúas comunidades.

Abrindo portas á investigación do futuro

Os estudos irlandeses das universidades galegas céntranse en tres tipos de actividades: a docencia, a investigación e a transferencia de coñecementos a outros sectores sociais. No tocante á docencia, podemos apreciar a notable presenza dos estudos irlandeses nos programas do Grao en Lingua e Literatura Inglesas –a anterior licenciatura en Filoloxía Inglesa– que se oferta, por exemplo, na Universidade de Santiago de Compostela, tanto en materias de historia, cultura e tradicións dos países de fala inglesa como en materias literarias. Os autores canónicos –especialmente Jonathan Swift, James Joyce e W.B. Yeats, pero tamén Oscar Wilde, Bernard Shaw, Maria Edgeworth, Elizabeth Bowen e Edna O’Brien– aparecen recorrentemente nos programas de “literatura inglesa” –correspondente, en realidade, á producida nas Illas Británicas. Na transición ao século XXI, os estudos filolóxicos experimentaron en España unha transformación importante ao pasaren de ser exclusivamente filolóxicos a incorporaren estudos culturais e históricos. Igualmente, o canon literario foi cuestionado polo seu nesgo patriarcal e foi abríndose a máis mulleres escritoras. Esta revisión do canon e dos estudos filolóxicos favoreceu a maior visibilidade dos estudos irlandeses nos programas das materias filolóxicas e Irlanda cobrou peso en materias transversais como, por exemplo, “literatura poscolonial” ou “narrativa breve” nas que agora comparte os programas en condicións parellas ás das outras nacións anglófonas.

Os cambios de contidos, de escritores e escritoras, e de obras literarias nos programas de filoloxía inglesa espertan o interese do alumnado non só no que concirne ás súas lecturas e traballos para materias específicas senón, dun xeito especialmente notable, na proba final para a obtención do Grao, o Tralallo de Fin de Grao ou TFG – unha proba escrita dunha extensión de entre 65.000 e 120.000 caracteres seguida dunha proba oral. Na Facultade de Filoloxía da USC ofértanse no presente curso 2018-2019 polo menos once liñas temáticas de TFG que poden incorporar os estudos irlandeses e unha delas é, especificamente, sobre “Literatura irlandesa e galega desde unha

perspectiva comparada”. Esta liña temática adoita ter máis demanda entre o alumnado que número de prazas dispoñibles polo que adoitamos aceptar propostas de traballos comparativos de literatura irlandesa e galega dentro doutras liñas de denominación máis xenérica como “Literatura e cultura británica e irlandesa” ou mesmo “Literatura en lingua inglesa”. Se observamos que hai demanda entre o alumnado por esta aproximación comparada, deberemos facilitala e fomentala, porque o futuro das relacións culturais entre Galicia e Irlanda e da internacionalización da cultura galega está, en boa medida, nas mans destas novas xeracións de alumnado universitario.

A liña de “Literatura irlandesa e galega desde unha perspectiva comparada” ofreceu ata o momento resultados altamente satisfactorios nos que o alumnado realizou análises comparativas non só de autores canónicos como Joyce e Castelao, Joyce e Risco, Yeats e Pondal ou a recepción do modernismo irlandés por parte da Xeración Nós, senón tamén de escritores e escritoras emerxentes, máis próximos á sociedade que lle toca vivir ao noso alumnado, como o son por exemplo Grace Wells e Antía Otero, Éilís Ní Dhuibhne e Carmen Blanco ou María Reimóndez, así como temas que preocupan á sociedade actual como o deterioro medioambiental, que xa se trata na poesía e na narrativa irlandesas e galegas, ou ben xéneros de emerxente autoría feminina, como ocorre na novela policial.

As actividades docentes de programación e traballos académicos complétanse sempre con outras accións extra-curriculares que achegan os escritores ao alumnado mediante conferencias, seminarios, debates, recitais, entrevistas, presentacións de libros, etc. Gustaríame reclamar aquí a implantación dunha figura común nas universidades europeas e americanas como a do escritor ou escritora residente, durante un período determinado e cun proxecto de creación así como de colaboración coa institución para a transmisión ao alumnado do seu coñecemento e experiencia. Tamén aquí podería ser pioneira a liña comparada de Galicia e Irlanda se se implican as universidades e as outras institucións que procuran a internacionalización da cultura galega.

As figuras de escritor ou escritora residente, conferenciante e as actividades paralelas de debate e lectura espertan novas vocacións literarias e abren novas liñas de investigación. Así ocorreu, por exemplo, coa visita da poeta Grace Wells á USC – aproveitando que o poeta e tradutor irlandés Keith Payne a convidara para outra actividade na Universidade de Vigo– pois a súa conferencia e lectura dos seus poemas deron pé a un TFG cunha análise comparativa do imaxinario animal na poesía da poeta

Grace Wells e a poeta galega Antía Otero (González Doval 2018). Igualmente, esta visita tivo un impacto positivo na investigación universitaria ao publicarse a conferencia nunha revista internacional de alto impacto (Wells 2018).

O que resulta evidente da organización destas actividades é a necesidade de colaboración entre diversas institucións para o financiamento da visita e a conferencia, a inserción da actividade na programación académica e a implicación do alumnado na mesma. Se no caso da visita de Grace Wells precisamos financiamento dos equipos de investigación do noso departamento, ademais das axudas fornecidas pola Universidade de Vigo, noutros casos precisámolo do programa europeo “Irish Itinerary”, da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG), do financiamento que a Xunta de Galicia outorga a redes de investigación ou grupos de referencia competitiva (GRC), etc. Porén, as fontes de recursos son moi escasas e a burocracia excesiva, problemas estes dous que afogan as iniciativas posibles.

Detecto, polo expresado anteriormente, un problema de base na política de internacionalización da cultura galega, tanto na loxística como no financiamento, pois os programas de colaboración entre escritores e institucións de Galicia e outros países debería ser unha prioridade. É común a queixa de que non temos en Galicia un Instituto Etxepare como no País Vasco ou un Ramón Lull como en Cataluña, cando a creación dun Instituto Rosalía de Castro foi aprobada no Parlamento Galego hai aproximadamente dez anos, pero tamén me pregunto eu se as institucións existentes – Direccións Xerais varias da Xunta de Galicia, Consello de Cultura Galega, Real Academia Galega, Asociación Galega de Editores, Asociación de Escritores e Escritoras de Lingua Galega, etc.– están a facer todo o que se precisa para unha mellor visibilización da cultura galega no ámbito internacional. Entre outras colaboracións posibles con Irlanda, unha delas debería ser tamén a aprendizaxe da lingua irlandesa que, sen dúbida, as institucións irlandesas estarían interesadas en fornecer de formalizarse un acordo de cooperación. Estes son, pois, algúns dos retos para o futuro inmediato das relacións culturais entre Galicia e Irlanda.

A investigación en curso

Gustaríame a continuación centrarme, se se me permite, na investigación sobre as relacións literarias entre Galicia e Irlanda que estamos a realizar desde o grupo de

investigación IRGAL (<http://irgal.es>). Trátase dun grupo liderado pola Universidade de Santiago, do que eu mesma son a Investigadora Principal, que leva realizado ata o momento cinco proxectos de investigación consecutivos desde 2005 financiados polo Ministerio de Ciencia e Innovación. IRGAL está composto na actualidade por 14 membros de 5 universidades galegas e irlandesas (USC, UdC, UVigo, UCCork, UCDublin) e 5 deses membros teñen un perfil tanto investigador como de creación literaria ben consolidada ben emerxente: Marilar Aleixandre – USC e membro de número da RAG–, Martín Veiga –UCCork e Pedrón de Honra 2017–, María Alonso (UVigo), Arancha Rodríguez Fernández (co pseudónimo literario de Arancha Nogueira, USC) e Jorge Rodríguez Durán (USC). O resto de investigadoras teñen un amplo curriculum investigador porque así o requiren estas convocatorias, altamente competitivas, de proxectos de investigación do Ministerio, que son financiadas ata nun 80% por fondos europeos FEDER. Estas investigadoras, que están especializadas en estudos ingleses e irlandeses ou ben en estudos galegos, son as seguintes: María Jesús Lorenzo-Modia (UdC), Olivia Rodríguez González (UdC), María Jesús Cabarcos (UdC), Ana Acuña (UVigo), Eulalia Agrelo (UVigo), Margarita Estévez Saá (USC), María Xesús Nogueira (USC) e Anne Fogarty (UCDublin).

Tal e como se pode comprobar na nosa páxina web (<http://irgal.es>), o grupo IRGAL investiga, desde 2005, nas liñas prioritarias seguintes: 1. literatura irlandesa e galega contemporánea (poesía, narrativa, ensaio e teatro); 2. aproximación comparada á análise destas dúas literaturas; 3. literatura de autoría feminina, xa que o primeiro proxecto naceu de observar unha incorporación sen precedentes de mulleres escritoras aos sistemas literarios de Galicia e Irlanda a partir dos anos oitenta do século XX, polo que decidimos investigar as circunstancias socioculturais desa incorporación, os temas e estratexias literarias da obra destas escritoras nas últimas catro décadas e a posible relevancia recíproca do fenómeno en Irlanda e Galicia.

O primeiro proxecto versou sobre “Poesía e xénero: Poetas irlandesas e galegas contemporáneas (1980-2004)” (Ministerio de Educación y Ciencia HUM2005-04897/FILO) e os seus resultados se recollen parcialmente en tres libros: *Palabras extremas: Escritoras gallegas e irlandesas de hoy* (M. Palacios e H. González 2008), *Writing Bonds: Irish and Galician Contemporary Women Poets* (M. Palacios e L. Lojo 2009) e *Creation, Publishing, and Criticism: The Advance of Women’s Writing* (M.X. Nogueira, L. Lojo e M. Palacios 2010). O primeiro deles, *Palabras extremas* (2008), reúne estudos

das investigadoras que formaban o equipo no período 2005-2008, así como ensaios e entrevistas coa intervención das seguintes escritoras irlandesas e galegas: María do Cebreiro, Anne Le Marquand Hartigan, Chus Pato, Ana Romaní, Mary O'Donnell e Celia de Fréine. Estas primeiras colaboracións con estas poetas deron resultados moi prolíficos que continúan hoxe en día. Os principais temas tratados nos estudos críticos de *Palabras extremas* son: 1. a ecoloxía; 2. a intersección de identidade feminina e nacional coa linguaxe poética; 3. a reescritura dos mitos polas poetas actuais. No que respecta aos ensaios e as entrevistas, as principais cuestións de debate son: a incorporación de mulleres escritoras aos sistemas literarios galego e irlandés nos anos oitenta e noventa do século XX e os obstáculos na súa visibilización, os cambios sociais en Irlanda e Galicia a principios do século XXI, o conflito lingüístico e a escrita na lingua vernácula, literatura e territorio, muller e nación, a escrita desde a perspectiva de xénero, a influencia das escritoras devanceiras sobre as actuais, a violencia de xénero, a poesía erótica de autoría feminina, etc.

O segundo libro, *Writing Bonds* (2009) combina de novo artigos académicos, ensaios literarios e entrevistas coa participación de escritoras galegas e irlandesas. Persisten neste libro intereses que comezaran no anterior, como a ecoloxía, pero incorpóranse outros como a experimentación poética, o impacto da cultura popular e de masas na poesía contemporánea, a alienación e a configuración da experiencia da maternidade. Os ensaios convidados son de Carmen Blanco –sobre a inspiración que o celtismo segue a fornecer–, Luz Pichel –sobre as tensións entre o galego normativo e o falado e a continua alienación da escritora con respecto á lingua aprobada oficialmente– Mary O'Donnell –sobre a incorporación das escritoras ao sistema literario irlandés entre os anos oitenta e a primeira década do século XXI. As entrevistas coas escritoras Anne Le Marquand Hartigan e Luz Pozo Garza debaten cuestións como a entrada das escritoras en institucións de prestixio cultural como a Real Academia Galega ou, en Irlanda, Aosdána, a individualidade da escritora fronte á formación de xeracións literarias, o diálogo entre as escritoras consolidadas e as escritoras novas, o papel da poeta nun mundo multicultural e globalizado, as diferenzas na promoción e desenvolvemento das carreiras literarias de homes e mulleres, a presenza do celtismo na poesía de autoría feminina actual, a poesía amorosa de autoría feminina, etc.

O terceiro libro, *Creation, Publishing, and Criticism. The Advance of Women's Writing* (2010), está estruturado en tres partes: poesía, narrativa e teatro e cada unha

delas contempla a cuestión das oportunidades de publicación e recepción crítica da obra de autoría feminina en Galicia e Irlanda. Intervenien desta volta axentes dos diversos eidos: 1. representantes de casas editoras; 2. poetas, narradoras e dramaturgas; 3. representantes da crítica tanto académica como xornalística. As voces galegas representadas son: Fran Alonso, María do Cebreiro, Marilar Aleixandre, Mercedes Queixas, Francisco Castro, Helena Miguélez-Carballeira, Ramón Nicolás, Cristina Domínguez, Ánxeles Cuña e Roberto Pascual. Porén, o libro entretece as voces de Galicia e Irlanda, porque o obxectivo é comparalas e contrastalas dentro de cada xénero literario. As voces irlandesas son: Jessie Lendennie (da editora Salmon Poetry), a poeta Susan Connolly, a crítica académica Irene Gilsenan Nordin, Declan Meade (da editora The Stinging Fly), Paula Campbell (da editora Poolbeg), a poeta e novelista Kerrie Hardie, as dramaturgas Ursula Rani Sarma e Celia de Fréine e as críticas e escritoras Colette Connor e Mary O'Donnell. O libro constitúe, polo tanto, un foro de debate sobre as diversas políticas culturais e prácticas artísticas que afectan á produción e difusión da obra literaria de autoría feminina.

O segundo proxecto de investigación “Nos-outras: Discursos das escritoras irlandesas e galegas sobre a estranxeiría (1980-2007)” (Ministerio de Ciencia e Innovación FFI2009-08475/FILO) viu os seus resultados recollidos en revistas como o *Boletín Galego de Literatura* (número especial coordinado por Lama e Nogueira 2011), *European Journal of English Studies*, *CLCWeb: Comparative Literature and Culture*, *Word & Text*, *Nordic Irish Studies*, etc. Un dos temas a tratar neste novo proxecto foi o da alienación da escritora con respecto a ideoloxías dominadas polo patriarcado como o catolicismo e o nacionalismo conservador, pero tamén se analizou a identidade nomádica ou diaspórica e os cambios sociais de actitude debido á inmigración en comunidades como Galicia e Irlanda, que ata había ben pouco foran puntos de partida dos fluxos migratorios. Dous libros a salientar como resultado deste proxecto foron *Galicia, a Sentimental Nation: Gender, Culture and Politics* (Miguélez-Carballeira 2013) e *Lupe Gómez: Libre e estranxeira* (Baltrusch 2013). Así mesmo, comezamos unha andaina de traducións de poesía recollidas en poemarios e antoloxías: *I am not from here* (María do Cebreiro 2009), *Landing Places: Immigrant Poets in Ireland* (Bourke e Faragó 2010), *To the Winds Our Sails* (O'Donnell e Palacios 2010) e *Forked Tongues* (Palacios 2012) con poemas que exploraban consideracións como pertenza e

alienación, itinerancia, inmigración, os vínculos entre comunidades con linguas galladas, a subalternidade das linguas minorizadas, etc.

O terceiro proxecto de investigación “Ex-sistere: A mobilidade das mulleres nas literaturas galega e irlandesa contemporáneas” (Ministerio de Economía y Competitividad FEM2015-66937-P) indagou nas circunstancias que facilitan ou obstaculizan a mobilidade das mulleres así como no papel da muller na emigración. Os resultados foron recollidos en libros como *Letras nómades. Experiencias da mobilidade feminina na literatura galega* (Acuña 2014) e *Ex-sistere: Women's Mobility in Contemporary Irish, Welsh and Galician Literatures* (Lorenzo-Modia 2016) e en antoloxías como *Migrant Shores* (Palacios 2017). *Letras nómades* (2014) comeza cunha importante disquisición teórica de Josefina Cuesta sobre a memoria e examina, a través de documentos persoais e rexistros biográficos, a construción da identidade nun contexto de exilio, emigración e retorno. Os capítulos do libro pescudan temas como o papel das mulleres na resistencia antifranquista e na custodia da memoria da Guerra Civil, a experiencia de desarraigo das mulleres na emigración e o exilio, os condicionamentos da mobilidade das mulleres, a pegada da viaxe na creación literaria de escritoras galegas e a superación dos límites territoriais e lingüísticos por parte das escritoras alófonas.

Pola súa parte, o libro *Ex-sistere* (2016), que conta cun limiar dun dos intelectuais máis influentes en Irlanda nas últimas décadas, Declan Kiberd, reúne estudos sobre a mobilidade feminina nos contextos galego, irlandés e galés. *Ex-sistere* – etimoloxía latina da palabra “existir” que relaciona existencia con mobilidade e co feito de se mover para informar da nosa presenza– analiza a experiencia migratoria, a toponimia estranxeira e os cronotopos da emigración na literatura galega, desde Rosalía de Castro ata as escritoras actuais. A sección irlandesa deste libro fala de escritoras viaxeiras e da súa percepción do estranxeiro, de teatro e emigración, así como do desafío de escribir desde Irlanda do Norte en tempos de terrorismo. A sección galesa debate cuestións de inmigración e hibridismo, pero tamén de natureza e os tropos mobilidade na literatura producida en Gales. Tanto *Letras nómades* como *Ex-sistere* recollen o meu proxecto sobre “foto-grafías”, no que solicitei a escritores e escritoras de Galicia e Irlanda que fornecesen unha fotografía dunha muller migrante da súa contorna e escribisen a historia desa muller. A análise comparativa desta emigración feminina de Irlanda e Galicia coa discusión da súa relevancia recíproca está dispoñible en liña na

revista *Galicia 21* (Palacios 2014-2015). Outros resultados deste proxecto apareceron publicados en revistas académicas de alto impacto científico como *Abriu*, *Madrygal*, *Estudios Irlandeses*, *Irish Studies Review* e *Women's Studies International Forum*.

O cuarto proxecto de investigación, “Eco-ficcións: Discursos emerxentes sobre muller e natureza en Galicia e Irlanda” (Ministerio de Economía y Competitividad, FEDER, FEM2015-66937-P) leva ocupándonos durante os últimos catro anos e ten a súa continuación nun quinto proxecto “O tropo animal: unha análise ecofeminista da cultura contemporánea de Galicia e Irlanda”, que vén de ser concedido en 2019 (MCIU, AEI, FEDER, PGC2018-093545-B- I00) e no que traballaremos ata 2022.

O proxecto “Eco-ficcións” prestou atención aos desafíos medioambientais actuais, tanto en Galicia como en Irlanda, e pescudou os discursos emerxentes, novas prácticas e novos valores ecolóxicos na literatura e nas artes. Varios resultados foron publicados en tres números especiais das revistas *Boletín Galego de Literatura*, *Women's Studies. An Inter-disciplinary Journal* e *Journal of Postcolonial Writing*. O número especial do *BGL* foi coordinado por Ana Acuña e María Xesús Nogueira (2017) e levou por título *Corpos, territorios e resistencias. Os traballos das mulleres nas literaturas galega e irlandesa*, pois o seu obxectivo era analizar os traballos das mulleres galegas e irlandesas no medio natural –a terra, o mar, a olería, etc. O número especial de *Women's Studies* foi coordinado por Margarita Estévez-Saá e María Jesús Lorenzo-Modia (2018) e levou por título *The Ethics and Aesthetics of Eco-caring: Contemporary Debates on Ecofeminism (s)*. Foi este un número máis heteroxéneo nas literaturas internacionais representadas, pero as literaturas galega e irlandesa tamén recibiron atención comparada no que respecta ao motivo e tropo da balea nas súas poesías. As editoras forneceron ademais unha introdución maxistral aos debates ecofeministas actuais e o seu impacto na crítica literaria. Finalmente, María Alonso e María Jesús Cabarcos (2019) editaron o número especial da revista *JPW*, que levou por título *Eco-Fictions: Emergent Discourses on Nature and Environment in Postcolonial Literatures* e que, como o título indica, fai unha análise ecocrítica das literaturas poscoloniais nos diversos continentes, debates sen dúbida tamén relevantes á situación medioambiental de Galicia e Irlanda. Como en proxectos anteriores, reunimos tamén en escolmas varias a obra de escritores e escritoras como Xela Arias, Luz Pozo Garza, Xohana Torres e Urbano Lugrís. Outros traballos en marcha inclúen dous números

especiais de revistas con análises ecocríticas da literatura irlandesa e aproximacións ecofeministas á literatura e as artes visuais galegas de hoxe en día.

Transferencia, tradución e redes literarias

Gustaríame comezar esta sección cunha cita de Plácido Castro que sinto como propia: “Quizáis non exista un pasatempo –por non chamarlle vicio– que se atope ao mesmo tempo tan cheo de feitizo e de tormento como o intento de traducir doadamente os belos poemas, de longo tempo amados” (cit. en Ríos 2013: 36). Abofé, os proxectos de investigación anteriormente mencionados naceron dunha tradución: a da poesía irlandesa recollida na antoloxía *Pluriversos. Seis poetas irlandesas de hoxe* (Palacios 2003) na que traducín ao galego, coa valiosísima axuda de Arturo Casas, poemas de Eavan Boland, Paula Meehan, Nuala Ní Dhomhnaill, Mary Dorcey, Medbh McGuckian e Anne Le Marquand Hartigan.

Foi na tradución e edición de *Pluriversos* cando descubrín a relevancia da escrita irlandesa actual para a literatura galega, así como o fenómeno de incorporación sen precedentes de mulleres a estes dous sistemas literarios a partir da década dos oitenta do século XX. Foi tamén con esta antoloxía coa que comecei a tecer redes entre escritores e escritoras de Galicia e Irlanda, pois varias das poetas representadas na escolma colaborarían en antoloxías futuras traducindo poesía galega, así como en entrevistas e ensaios nos libros derivados dos nosos proxectos. As escritoras recollidas en *Pluriversos* coinciden, todas elas, “en reivindicar unha reescritura da identidade feminina, aínda que cada unha acentúa o seu ángulo de visión particular: Eavan Boland desde o posnacionalismo, Paula Meehan desde a conciencia de clase, Nuala Ní Dhomhnaill desde o mito celta e o subconsciente, Mary Dorcey desde a exploración da identidade sexual, Medbh McGuckian desde a renuncia ao control autorial do significado e Anne Le Marquand Hartigan desde o concepto de creación como liberación” (Palacios 2003: 13).

A seguinte antoloxía demorouse ata 2010, ano no que a poeta irlandesa Mary O’Donnell, quen xa colaborara en congresos e publicacións dos nosos proxectos, me propuxo convidar a escritores e escritoras de Irlanda para traducir poesía galega contemporánea tanto ao inglés como ao gaélico irlandés –traducións indirectas a través de versións literais en inglés fornecidas por Minia Bongiorno García e que contaron en

todo momento coa supervisión cultural e lingüística das editoras. Foi así como se elaborou a antoloxía *To the Wind Our Sails: Irish Poets Translate Galician Poetry* (O'Donnell e Palacios 2010), que publicou en Irlanda a casa editora Salmon Poetry e na que Luz Pozo Garza está traducida ao inglés e o irlandés por Nuala Ní Dhomhnaill, María do Carmen Kruckenberg por Anne Le Marquand Hartigan e Rita Kelly, Xohana Torres por Celia de Fréine, Marilar Aleixandre por Mary O'Malley e Martin Nugent, Luz Pichel por Catherine Phil MacCarthy, Chus Pato por Lorna Shaughnessy e Rita Kelly, Ana Romaní por Maurice Harmon, María do Cebreiro por Caitríona O'Reilly, María Lado por Máighr ead Medbh e Rita Kelly e, finalmente, Xiana Arias por Paddy Bushe. Sobre esta antoloxía comentou o poeta irland es Michael O'Loughlin na contracapa: "Galicia has long been seen as our distant, neglected overseas cousin and this anthology brings her poetry into our house for the first time, bright-voiced and strangely familiar. In it we see our own geography and obsessions reflected and enhanced" [Galicia foi considerada durante moito tempo como unha curm a distante e desatendida, pero esta antolox a tr enos a s ua poes a   nosa casa por primeira vez, con voces relucentes e estra amente familiares. Nesa poes a vemos reflectidas e realizadas a nosa propia xeograf a e as nosas teimas].

Oito dos e das poetas de Irlanda que participaron coas s uas vers ons da poes a galega en *To the Winds Our Sails* volveron colaborar na seguinte antolox a *Forked Tongues. Galician, Basque and Catalan Women's Poetry in Translations by Irish Writers*, concibida durante a mi a participaci n nun encontro do Galeusca en Barcelona con editoras, escritores e escritoras de Galicia, o Pa s Vasco e Catalu a e publicada pola editora brit nica Shearsman Books. O t tulo fai referencia  s linguas galladas das catro comunidades implicadas, debido   coexistencia, non sempre doada, de d as linguas oficiais. Cinco poetas de Galicia, catro do Pa s Vasco e catro de Catalu a foron, de novo traducidas ao ingl s –a partir de traduci ns literais fornecidas por Kirsty Hooper, Juan Arana e Diana Cullell– por poetas de Irlanda. Desta volta, Pilar Pallar s foi traducida por Maurice Harmon, Chus Pato por Lorna Shaughnessy, Lupe G mez Arto por Anne Le Marquand Hartigan, Yolanda Casta o por M ighr ead Medbh, Mar a do Cebreiro por Mary O'Donnell, Itxaro Borda por Celia de Fr ine, Miren Agur Meabe por Catherine Phil MacCarthy, Castillo Su rez por Susan Connolly, Leire Bilbao por Paddy Bushe, Vinyet Panyella por Michael O'Loughlin, Susanna Rafart por Paula Meehan, Gemma Gorga por Keith Payne, e Mireia Calafell por Theo Dorgan.

Un proxecto doutra índole foi o que conduciu á antoloxía *Six Galician Poets* (Palacios 2016) promovida pola organización internacional Literature Across Frontiers e publicada pola editora británica Arc Publications dentro da súa colección de Six Poets de diversas nacionalidades e que contou co financiamento da Xunta de Galicia. Os e as poetas representados foron Xosé María Álvarez Cáccamo, Yolanda Castaño, María do Cebreiro, Estevo Creus, Chus Pato e Daniel Salgado. O tradutor de toda a escolma foi nesta ocasión o poeta irlandés radicado en Vigo, Keith Payne. Como en antoloxías anteriores, quixen fornecer unha representación equilibrada de escritores e escritoras, así como de xeracións diversas que van desde as máis consolidadas ás de idade máis nova, aínda que non con menos mérito literario.

Gustaríame rematar cunha referencia á antoloxía máis recente, *Migrant Shores. Irish, Moroccan & Galician Poetry* (Palacios 2017), publicada doutra volta pola editora irlandesa Salmon Poetry. Nesta ocasión, recollín poemas actuais de Galicia e Marrocos sobre a experiencia migratoria –con especial atención á muller migrante– e solicitei a poetas de Irlanda que non só traducisen ao inglés senón que respondesen a estes poemas con outros da súa creación, non en van Galicia, Marrocos e Irlanda teñen sufrido fortes fluxos migratorios ao longo da súa historia. Aínda que varias das traducións desta antoloxía son directas, nos casos nos que foi necesario fornecín eu mesma traducións literais do galego e o árabe ao inglés para que os poetas de Irlanda elaborasen as súas versións. Son sete poetas de Galicia e sete de Marrocos traducidos por catorce poetas de Irlanda que dialogan, ademais, cos textos orixinais a través de poemas-resposta. A antoloxía inclúe tamén cinco caligrafías do calígrafo alxeriano Hachemi Mokrane e unha fotografía familiar da emigración fornecida polo poeta Baldo Ramos. Desta volta, os emparellamentos de poetas foron os seguintes: Martín Veiga traducido por e con réplica de Eiléan Ní Chuilleanáin, Chus Pato por Lorna Shaughnessy, Eva Veiga por Maurice Harmon, Baldo Ramos por Celia de Fréine, Gonzalo Hermo por Keith Payne, Marilar Aleixandre por Breda Wall Ryan, María do Cebreiro por Mary O’Donnell, Mohammed Bennis por Paula Meehan, Taha Adnan por Máíghrèad Medbh, Fatima Zahra Bennis por Susan Connolly, Imane El Khattabi por Hugh O’Donnell, Mohamed Ahmed Bennis por Catherine Phil MacCarthy, Aicha Bassry por Sarah Clancy e Mezouar El Idrissi por Thomas McCarthy. Cada antoloxía nova vai incorporando novas voces para ampliar as redes de colaboración, pero a repetición de varios colaboradores

de antoloxías anteriores amosa tamén a satisfacción que poetas de Galicia e Irlanda senten polo éxito desta experiencia de creación e recreación conxunta.

Conclusión

Temos un fecundo capital de relacións culturais entre Galicia e Irlanda que vén medrando, especialmente, desde a segunda metade do século XIX e ao que contribuíu de xeito decisivo o propio Plácido Castro. Temos así mesmo universidades que forman a novos investigadores e investigadoras nas análises comparativas da cultura e a literatura de Galicia e Irlanda, así como proxectos de investigación competitivos que difunden a cultura galega internacionalmente. Só precisamos unha política de internacionalización que apoie decididamente, tanto desde o punto de vista loxístico como orzamentario, os intercambios de escritores e artistas e a tradución da súa obra.

Bibliografía:

- Acuña, Ana ed. (2014). *Letras nómades. Experiencias da mobilidade feminina na literatura galega*. Berlín: Frank & Timme.
- Acuña, Ana e María Xesús Nogueira eds. (2017). *Corpos, territorios e resistencias. Os traballos das mulleres nas literaturas galega e irlandesa*. *Boletín Galego de Literatura*, 50.
- Alonso, María e María Jesús Cabarcos eds. (2019). *Eco-Fictions: Emergent Discourses on Nature and the Environment in Postcolonial Literatures*. *Journal of Postcolonial Writing*, 55. 2.
- Baltrusch, Burghardt ed. (2013). *Lupe Gómez: Libre e estranxeira. Estudos e Traducións*. Berlín: Frank & Timme.
- Bourke, Eva e Borbála Faragó eds. (2010). *Landing Places: Immigrant Poets in Ireland*. Dublin: Dedalus Press.
- Estévez-Saá, Margarita e María Jesús Lorenzo-Modia eds. (2018). *The Ethics and Aesthetics of Eco-caring: Contemporary Debates on Ecofeminism (s)*. *Women's Studies. An Inter-disciplinary Journal*. 47.2.
- González Doval, Helena (2018). 'The smallest agents of transformation': *Animal Creatures in Grace Wells' and Antía Otero's Poetry*. Tráballo de Fin de Grao elaborado e presentado na Universidade de Santiago. Dir. Manuela Palacios. <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/18159>.
- Lama, María Xesús e María Xesús Nogueira coords. (2011). Número especial *Poesía galega: Perspectivas comparadas*. *Boletín Galego de Literatura*, 45.

- Lorenzo-Modia, María Xesús ed. (2016). *Ex-sistere: Women's Mobility in Contemporary Irish, Welsh and Galician Literatures*. Newcastle upon Tyne, UK: Cambridge Scholars Publishing.
- María do Cebreiro (2009). *I am not from here*. Trad. Helena Miguélez-Carballeira. Bristol: Shearsman Books.
- Miguélez-Carballeira, Helena (2013). *Galicia, a Sentimental Nation: Gender, Culture and Politics*. Cardiff: University of Wales Press.
- Nogueira, María Xesús, Laura Lojo e Manuela Palacios eds. (2010). *Creation, Publishing, and Criticism: The Advance of Women's Writing*. Nova York: Peter Lang.
- O'Donnell, Mary e Manuela Palacios eds. (2010). *To the Wind Our Sails: Irish Poets Translate Galician Poetry*. Cliffs of Moher: Salmon Poetry.
- Palacios, Manuela e Helena González eds. (2008). *Palabras extremas: Escritoras gallegas e irlandesas de hoy*. A Coruña: Netbiblo.
- Palacios, Manuela e Laura Lojo eds. (2009). *Writing Bonds: Irish and Galician Contemporary Women Poets*. Oxford: Peter Lang.
- Palacios, Manuela ed. (2003). *Pluriversos. Seis poetas irlandesas de hoxe*. Trad. M. Palacios e Arturo Casas. Santiago: Follas Novas, 2003.
- Palacios, Manuela ed. (2012). *Forked Tongues. Galician, Basque and Catalan Women's Poetry in Translations by Irish Writers*. Bristol: Shearsman Books.
- Palacios, Manuela (2014-2015). "Foto-grafías: mulleres migrantes galegas e irlandesas". *Galicia 21. Journal of Contemporary Galician Studies*. Issue F: 5-23. <http://www.galicia21journal.org/F/index.php?scrollx=0&scrolly=0&tema=palacios>
- Palacios, Manuela ed. (2016). *Six Galician Poets*. Trad. Keith Payne. Todmorden: Arc Publications.
- Palacios, Manuela ed. (2017). *Migrant Shores. Irish, Moroccan & Galician Poetry*. Cliffs of Moher: Salmon Poetry.
- Ríos, Xulio (2013). *101 máximas e reflexións de Plácido Castro*. Fundación Plácido Castro.
- Wells, Grace (2018). "Culture and Nature: The Roots of Ecopoetics". *Women's Studies. An Inter-disciplinary Journal*, 47. 2: 147-159. Reproducido en Margarita Estévez-Saá e María Jesús Lorenzo-Modia (eds.) *The Ethics and Aesthetics of Ecocaring*. Londres e Nova York: Routledge, 2019.